

Follas do Cineclub | 16/03/2016

Cinco
(Five, Arch Oboler, EUA, 1951, 93', VOSG)

03

Crítica orixinalmente aparecida en *Cahiers du cinéma*, n. 25, xullo 1953. Extraída do libro *The Early Film Criticism of François Truffaut*; Wheeler Wiston Dixon, Indiana University Press, 1993

Aquí temos finalmente un deses traballos que lexitimizan *Cinéma d'Essai*. Non hai dúbida, de feito, que *Five* non se tería distribuído se *Cinéma d'Essai* non tivese falado dela. Debemos subliñar que *Five* é o primeiro traballo cinematográfico de Arch Oboler; o seguinte traballo foi o primeiro filme en 3-D que se podía ver con lentes Polaroid: *Bwana Devil*.

O mesmo que Orson Welles no seu tempo, Arch Oboler foi anteriormente autor de programas radiofónicos, un total de catrocentos, que lle deron notoriedade e todos os premios posíbeis no mundo das ondas.

Five é un filme típico da vangarda, se é que aceptamos esta etiqueta para un filme que foi concibido e feito fóra de toda caste de consideración comercial, cos aspectos máis destacábeis dos filmes amateur, baseado nun tema visíbelmente non comercial e feito ás presas, como se pode ver.

Non hai dúbida que o espírito dos "16 mm" que Cocteau tanto louvara, paira sobre o proceso de traballo deste filme, cuxa concepción técnica se achega moito ás de *After Sunset Comes the Night*, *Silence of the Sea* e outros traballos de vangarda americanos, mais o que non ten é a fachendosa pretensiosidade dalgúns deles ou o esteticismo simplista entre outras cousas que só a xenerosidade de espírito pode xustificar.

Este é un traballo honesto, no que a sinceridade e mesmo a inxenuidade máis auténtica van da man, *Five* vainos "impor" a idea de estar a ben coa xente, algo moi fermoso nos nosos tempos cando odiar a nai é mesmo unha mostra de elegancia, matar o teu pai dáche os titulares máis grandes da prensa e uns tempos nos que mesmo os moralistas recomentan ir pola vida cunha arma na man.

Five conta a supervivencia de cinco persoas no planeta logo dun holocausto nuclear. Tres deles morren e a historia do planeta comeza outra vez cunha parella. O pecado orixinal deles dous é teren vivido na era da bomba atómica pechando o filme cunha metáfora de Adán e Eva ou, se se quere mellor, Noé, como supervivente do diluvio universal sendo isto un elemento purificador.

É ben coñecido que esta caste de historia é do máis arquetípico "falso escenario bo". Se comezamos pola idea orixinal, todo ten que ser inventado e debemos estar preparados para resistir as tentacións que nos ofrece un mundo totalmente libre de limitacións. Aquí, mellor que en ningún outro lugar, é apropiado crear outra vez o mundo e saber "como de lonxe" podemos chegar.

Arch Oboler acertou na construción do escenario ata o punto de achegárnolo case real. O ritmo acelerado das escenas e a súa sobriedade case excesiva fai deles elementos completamente efectistas. As dificultades nunca se poden varrer para debaixo da alfombra, e non lembro nada máis terrorífico que a escena de cando a loucura se apodera do alpinista nada máis ver no seu peito as probas da radiación: berra e sae correndo, rube polas pilas de esqueletos espalladas aquí e acolá nunha cidade morta para desaparecer "na primeira rúa á dereita".

Debemos atender á grande beleza da heroína cuxas alegrías e tristezas se reflicten no seu rostro, dándolle un aire de novidade en concordancia coa era atómica. En calquera caso, aí xace o milagre deste filme, que en ningún momento fala da reconstrución; o filme semella verdadeiramente feito logo dunha "explosión" con decorados e o filme "milagrosamente" salvado.

Todo o que caracteriza o cinema amateur podémolo ver na posta en escena: fotografía esborrallada e granulada, rostros lívidos (debido ao uso de saturacións no canto de luces de escenario), tomas de trávelling movéndose, encadramentos forzados, ángulos estraños, ritmo lento, todo "moi 16 mm", e unha interpretación case desprovista de vida. Aquí temos, de feito, os defectos que nos impiden tomar a serio os experimentos con 16 ou 35 mm, parafraseando os esaxerados comentarios e puntualizacións de Bach e Vivaldi, nunca remediarán a pobreza de inspiración (case sempre pederasta, psicoanalítica, desproporcionada en relación cos limitados medios de produción).

Mais neste filme, cunha modestia que é mesmo elegante, semella que esa limitación nos medios ela soa podería asegurar o seu éxito, e nós pensamos con certa calma sobre os fallos que esta iniciativa podería ser concibida e feita de acordo coas normas de produción americanas, que tornan mediocres e pretensiosas canto máis tentan escapar dos temas tradicionais que sabe como tratar.

Crear outra vez o mundo

François Truffaut

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)

① cineclubedecompostela.blogaliza.org
[facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela)
[@cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MAR
2016

Mércores 2

Viven
(They Live, John Carpenter, EUA, 1988, 94', VOSG)

Mércores 9

O home que caeu á terra
(The Man Who Fell To Earth, Nicolas Roeg, Reino Unido, 1976, 139', VOSG)

Mércores 16

Cinco
(Five, Arch Oboler, EUA, 1951, 93', VOSG)

Mércores 30

Sesión de curtametraxes mudas de ciencia ficción

A viaxe a través do imposible
(Le Voyage à travers l'impossible, Georges Méliès, Francia, 1904, 20')

O hotel eléctrico
(El hotel eléctrico, Segundo de Chomón, España-Francia, 1908, 7')

Piratas de 1920
(Pirates of 1920, David Aylott / A.E. Coleby, Reino Unido, 1911, 17')

O home mecánico
(L'uomo meccanico, André Deed, Italia, 1921, 26')

**Musicada en directo por
Lois Carlin**